

O TIO MARCOS D' A PORTELA

PUBLIC. 182

Os mandamentos d'o Marcos fora d' airexa, son seis: facer á todos xusticia, non casarse con ninguen, falar o gallego enxebre, cumprir c'o que manda a ley, loitar pol-o noso adianto con entusiasmo e con fé, vestir calzós e monteira peromnia sécula amen.



Teñen os pobos a gala n-o seu linguaxe falar: fálase chino n-a China, portugués en Portugal, catalán en Cataluña, e n a Alemania, alemán, sojlo os gallegosd' agora hastra vergonza lles dá falar a melosa e dulce fala que falan seus país.

PARRAFEOS C'O POBO GALLEGO

Ano séntimo

Ourense 31 de Mayo de 1885

Parrafeo eilenta

A FESTA D' O CORPUS EN ALLARIZ.

Perdéronse n-a histórica vila que garda os restos de Witiza, n-a pátria d' o cronista Gándara total-as groriosas tradicións d' o seu pasado, total-as vellas costumes que lembraban os feitos e fazañas d' os seus valentes guerreiros; pecháronse os hospitaliños onde alcontraban agatiño os enfermos probes y-os peregrinos cansos; non quedou pedra d' aquel castelo que s' erguía maxestoso e que foi n-a revolta d' os tempos d' o feudalismo teatro de tantas loitas, e sepultura de tantos mortos, pero quedaron en pê como aldraxante mostra d' o cativo espírito que latexou n-o corazón d' os fillos d' aquela terra en épocas de noxosa recordanza, costumes que teñen moito de bárbaras e tradicións que trascenden á fanatismo.

Chámanlle algús á vila d' Allariz por fantesía a pequena Roma, a segunda Xerusalen de Galicia, seica porque a vila d' Allariz conta con moitas eirexas e campan n-as suas espadanas e torres moitas cruces; pol-o demais, fôra d' a aparencia relixiosa que ll' empristan os tempos, alí non hay cousa que á Xerusalen se pareza nin que teña trazas de Roma.

Os seus veciños, descendentes d' os que com-

puñan aquelas mesnadas aventureiras e coraxudas que ô servicio d' o señorío feudal andaban sementando a morte, o incendio y-o loito pol-os castelos d' a comarca, levan n-a masa d' a sangue aquel espírito conqueridor e guerrilleiro, n-o corazón aquel formentô de xenreiras, e n-a alma aquel fanatismo que os levou sempre mais lonxe d' o que deberan á loitar pol-o trunfo d' o dereito d' a forza sobre d' o dereito d' a razón e d' a xusticia.

Poucas veces alí as lavaredas d' a civilización espallan a sua luz pol-os ámpitos; poucas veces alcontran eco a voz d' o amor d' a terra y-as armunias d' os adiantos n-aquelas ribeiras frondentes e froridas, regadas pol-as augas d' o murmurante Arnoya. Arrolados por elas dormen o sono d' a indiferencia, sin que se lles pase pol-as mentes o espertar d' aquel sono. Son hoxe o mesmo que eran onte.

A festa d' o Corpus en Allariz ven a ser un vivo espello onde poideran verse reflexar as imaxes d' os seus proxenitores, e vaise unha xeneración e ven outra e sempre n-a mesma, y-os vivos herdán d' os mortos as costumes mais mal avidas e o carater d' o noso sigro.

O víspera de Corpus, como si o concello fose unha axuntanza de rapaces trasfegos e non d' homes de xuício, manda poñer n-o balcón d' o

auntamento a semellanza de Xan d' Arzua mal feito de palla, com' os espantallos que se poñen n-as figueiras pr' os paxaros e c' o traxe que lle peta ò encargado d' aquela angueira.

O día de Corpus, e dinantes de que saya a precesion, sóltanlle o touro pol-as ruas ò mais pintado, que de non poñerse en garda vese n-as astas d' o touro en menos que canta un galo.

O touro vay facendo d' as suas, pois inda que o prenden pol-as cornas c' unha corda pol-o xeito d' as qu' empregan n-as maromas n o tocantes á grosa e forte, os que turrán pol-a corda non fan com' os d' o Goberno que turrán e turrán hastra que o turrado non se pódea remexer, sinon que lle *dan corda* como si fose á un rilós, e danlla cando se procatan de que alguen fuxe d' o touro pra que non-o colla, e danlla d' abondo pra que o touro campe libre pol-os seus respetos e teña soltura pra lle coller a dianteira ò coitado que fuxe pra non sufrir unha collida.

O touro alritado pol-as picadelas d' as agulladas que ll' enterran n-o coiro amparados detrás d' as portas, axoutado pol-os mozos e pol-os vellos e xordo pol-o barullo qu' arman ò velo, parès que voa e pega cada cornada que vai o demo n-ela.

Si o touro corrido d' aquela maneira tan pouco tauromáquica gana a volta d' unha rua sin topar con naide, ou arremete c' unha parede sin dano de hoso nin esfoladura de carne de cristiano, os que pasan por civilizados en Allariz, ou-bean como lobos famentos de presa e dan sinais de disgusto batendo co-as maus n-a testa como cando ll' es socede unha desgracia. Si pol-a contra o touro n-a sua carreira arrautada engarra á calquera n-as cornas ou co-elas lle dá unha aperta contr' a parede, anque non se deprocatou d' o peligro ou non tivo tempo de lle dar sebo de grilo òs pès; si fai estrozos, si deixa á dazasete tumbados n-o ehan c' os cadrís esfundingados ou co-as costelas espetadas n-o peito, estonces aprauden como tolos e desfanse en laudes pr' o touro que fixera tantas fazañas, e non-o levan en andias porque ventan que non está pra gromas e saben por esperencia que non convén xogar c' os touros mais que de lonxe, turrándolles pol-a corda ou de preto cravándolles a aguillada, gardados pol-a barreira d' as medias portas.

Fai anos que houbo un alcalde que cobizando suprimir a bárbara costume, víuse n-as maores apuradas, pois alborotouse o vecindario, e si o collen á terbo, non sei, pero pol-as ganas que lle

tiñan, deixábanno de xeito que non podería contalo.

Outro ano cadroulles un touro tan bravo que fixo unha estragueira n-as ruas. Pois lonxe de lle dar o pago levándoo pr' o matadeiro como fan c' os outros, antoxóuselles coidalo pra que n-o ano vi-deiro repetise o feito, con mais rábecha si cadra-ba, e por turno, tal e como si se tratase d' asistir á un enfermo probe e que dese tanto traballo que houbese menester d' os sacrificios de todos, estívérono asistindo, levándolle o mellor forraxe d' os seus lameiros e poñéndolle n-o cortello o estrume mais verdorento e brando d' as suas touzas.

Mais non paran n-esto os puxos indixenas d' os veciños d' Allariz. Como n-outros tempos a mourería, que tiña as suas chouzas riba d' os muros d' a vila, facía xudiadas c' os cristianos que devotos iban n-a precesion de Corpus, valeirándolles ò paso sacos de furnigas que axuntaban días dinantes n-os agros c' o mesmo afán que si andivesen á esculca d' areas d' ouro, así inda hoxe degóranse n-unha tempada por axuntar furnigas que non valeiran á sacos, pero méten-nas n-un xerro e bótanas dempois á preixas á cara y-òs ollos d' os que teñen a mala sorte de poñerense á rente d' eles, non sin que dinantes pra que non se pódea sacudir d' elas lle boten tamen auga misturada con mel que levan n-outra xerra.

Haberá moitos que teñan recordanza d' as furnigas d' a precesion de Corpus d' Allariz, pois algú por pouco non adoececeron ò veren a sua cara feita un furnigueiro y-ò sentiren un pruido que lles deu que rañar pra tres somanas.

Co-estas divirticiós festexan o Corpus os nados en Allariz, por mais que non son muy católicas que digamos, nin muy cultas que falemos.

E non son os artesanos e labradores nin as xentes que non sepian cousa que valia os únecos que se divirten c' o touro e co-as furnigas. A costume fai ley, y as monxas de Santa Crara, pol-a costume xa que non xoguen ò touro por estaren recollidas e seren xuiciosas, mostran empeño en que o touro pase por debaixo d' o arco d' o Convento, onde—cicais pra que os barcaloyas que o levan non perdan os alentos nin-a forza pra estrapexar n-aquela angueira—póñenlles unha ola de viño e catro poyas de pantrigo, c' o gallo de que collan a sosoga e tomen un taco. E non hay que dicir que lles doy o donar o viño y-o pantrigo. Pol-a contra; un ano que s' esqueceron de que o touro pasase por debaixo d' o arco d' o

Convento, o prior d' as monxas arreprendeu ós maordomos anoxado e segun contas tivo mentres de demandalos a xuicio.

¡Que tales cousas pasen hoxe e que se vexan agora como n-os tempos mais escuros esas costumes, abofellas abafa!

A min pol-o menos dame vergonza contalo.

¿Cando s' avergonzarán d' elo os veciños d' Allariz?

D' o que fan os d' a cofradía d' os gremios, as comparsas de danzantes y-algús concexales n-a sancristia d' a eirexa de Santiago namentres cantan os cregos a misa, xa non se fala pol-a mor de que non me reconveñan cando vaya por aló, como socedeu cando falei de que puñan os xigantós veira d' o altar maor n-a festa d' o San Benito, e que lles valeu a faladura o que o señor obispo dise ordes que non se consintira aquela *xigantada* n-a eirexa. Abonda con dicir pra que os avisados o adiviñen, que non é a promeira que os devotos que levaban as ándeaes d' o San Benito de volta pra ermida, cairon de súbito como si os ferise a *chispa* d' un rayo e deron c' o santo en terra.

¡Ay si ossantos fosen vengatibles, cantosterian que pagal-a irreverencia non podendo pasar nin pinga de viño pol-as gorxas!

CANTARES.

Anque vos fagás os xordos,
direivos a ti e Gaspar,
que é mellor tornal-os males
que telos que remedear.

Contabas con duas colleitas
y-unha, o mal tempo levoucha;
non deixes de darlle as gracias
o San Sidro pol-a outra.

De min fai bulra Adelaira
e Guirgoria, e mais Marica;
pero, a eso, digo eu:
sarna con gusto non pica.

Inda espero ir á terra
a ver a miña naiña;
¡ai! tivera, á non ser eso,
a terra d' a coba encima.

A qué te rís, boca aberta,
a qué te rís porque Bras
gaste, d' o pai, á monteira;
si ti outra non lle das.

Si no é vran, é primadera

sempre n-o teu peito, Crara,
pois vexo que hastra en Xanciro
hay rosas n-a tua cara.

Verderol d' a miña eira
onde andarás meu Martiño?
medo teño se che esquenza
que por acó tes o niño.

Garabiela, quero verte
trinta dias cada mes,
sete dias por semana
y-un credo de cada ves.

Din algús que non se opreme
o peito co-a despedida:
¡non se despediron eles
unha ves n-a sua vida!

Dixeches indo pra a feira
que n-este luns te casabas,
esquecédoche, caretas,
que conmigo non contabas.

Cando cansen d' alabarte
han de darche puntapés,
si eres ti tan dadiveiro
que en vida d' as o que tes.

Coida de que Xan se lisque;
porque, o lume xunt' a estopa,
Chinta, a min me teñen dito:
que as veces o deño sopra.

Vinme triste en Pontaréas,
e d' a Cañiza a Melon;
mais cheguei a Ribadávea
e ensanchouse o corazon.

D' un mal paso arrendadiño,
meu fillo, verte quixera;
vale mais un «Por-si-e-caso,»
que outros dous «¡Quen-o-dixera!»

Véxote n-o Milladoiro,
n-o Faramello, en Padron,
e hastra pol-a Ponte Valga
te vexo n-o corazon.

En Bocorin e en Ferreira
en Salceda, e n-o Menal,
e hastra en Arzúa mesmo,
por mor de ti sinto mal.

Dende Reádego a Chantada
marchei a mercar un xugo;
en Punxin á ti atopeite,
e non parei hastra Lugo.

Un babion con moitos cartos:
e un sábio que non-os ten:
este, non dirá o que sabe,
anque aquel se alabe ben.

A naide lle chames sábio,
dixolle Xan a Cristobo,
méntras non deprenda ben
a saber facerse o bobo.

D' as costumes d' algúis homes
falan de cote as mulleres,
e poida dar que haxa algunhas
que cobiceen ir con eles.

X. P. BALLESTEROS.



OS OURENSAOS EN MONFORTE.

Por onde queira que vayan sempre os fillos d' as Burgas levarán a legria: dounos Dios d' ese xenio; estarán acorados pol-as penas, levarán as mais d' as veces as faltriqueiras apeguidas, pero sin estaren ledos nin teren cartos, fan humor, campan, barullan e troulean.

Chegou o promeiro tren d' a tarde á Monforte, y-a vila d' o val de Lemus viuse mais animada e mais riseira. Os viaxeiros levaban sede e beberon sin cirimonias á porta d' as tabernas, e correron de mau en mau as xerras pol-as ruas.

Falen o que queiran os fidalgos d' a vila—dixeron—entre adoeceer co-a sede e beber, bebamos. Como aló non hay fontes, os que quixeron beber auga víronse n-o caso de írense ó río e n-o aperto de porse de bruces á estilo de cabalos. Algúis que repararon n-o feito escómenzaron á asubiar.

Os que sentian antoxos de tomar un tico, e fuxiron como d' a queima, d' a estacion, pol-a mor d' a sona que collera pol-o que con nosoutros fixeron, mercaron unha caste d' empanadas que se nomean zocas, e que non son outra cousa que un anaco de carneiro metido n-a fariña e pasado pol-o forno. Anque n-o prebe d' as zocas s' amostraba o sebo cuallado como si ó facelas tivesen unha vela pingando n-a masa, derretéronse algunhas, y-as que non se derreteron coméronas os cadelos.

Non faltou quen se doese de que non houberse empanadas de papuxas. D' habelas e de les fincar o dente non botarian tanto de menos a perda.

Os que non sairon d' a estacion pasaron as penas mouras como si xa non lles abundase o pasar pol-o túnel d' os penedos d' o inferno.

Aquel que quedou c' un pé n-o aire e con outro n-o estribo ó ver tantas rapazas garridas n-o andén, cicais pr' arrematar a postura quedouse

co-a boca aberta n-a fonda. Pidiu de xantar e puxéronlle un polo que xa debiera facer testamento n-a somana pasada, e que debia andar de prato en prato co-a licencia d' o enterrador, pois segun contan tiña un cheiro condanado que nin c' o guiso se lle barrera.

As narices encargáronse de lle pechar a boca, mais non por eso deixou d' abrir a faltriqueira, Pagou catro pesetas por enteirse de como cheiran os polos oito dias dempois de que deixaron de rubir ó poleiro e d' aletexar.

En troques outros por un peso xantaron mellor que os que fóramos pol-a mañan e batéramos á dous por barba. Os que viaxan teñen que depender á gobernárense pra gastar pouco e pasalo ben.

Pra que se xuzgue d' o servico d' a fonda e d' o avisados que son os camareiros, vouvos á contar dous casos.

A un andaluz que pediu un café servíronllo misturado con caldo limpo, e como non lle topaba o gusto de costume, degorábase por cair n-a conta d' o que era aquilo. 'A forza de devanar os meolos, descubreu o caldo e non pol-o limpo, y-a mistura d' o café e non pol-o recendente.

A un señor que pediu unha sangría pra refrescar ó mozo de servico, que pol-as trazas non debeu saír de rozar n-o monte, escarramelando os ollos e poñendo unha cara de parbo enxebre, contestoulle con tono d' estraneza: «Vosté ven enganado; eu non son sangrador.»

Entre lusco e fusco, a vida reconcentrouse n-o andén. Os mozos de corazon quente apuraron a verba en parolas d' amor. A boa parte iban, que n-eso d' a gramáteca parda as monfortinas son maestras e conxugan d' o lindo.

Os mozos que tiñan a cabeza quente déronse por satisfeitos con andaren de trullada.

Os que mollaron a palabra hastra rubiren ó tren pra dar volta, sinon botaban chispas pol-as descortesías d' os empregados, non foi porque non-as trouxesen pra botalas, que foi por medo de non se ver n-o caso d' armar unha de paus.

Un d' eles pol-a mor d' a molladura quedou en seco n-a estacion de Canabal. Viñalle padricando ós grilos d' os sementados, caiulle o sombreiro, baixouse pra collelo, e cando tivo o tras-acordo de que non era padricador nin estaba n-o púlpeto sinon de qu' iba de viaxe, o tren botouse á andar, e de non collelo o xefe d' a estacion, engárrase n-as rodas e queda alí en disposicion d' ir botar sermós ó mundo d' a verdá. Como non reparaba n-o peligro e por aquilo de non quedar en terra, púxose á berrar dende o andén como si lle metesen un espeto pol-o figado: «¡Qué paren eses cabalos!» «¡Xo burro xo!» respondéronlle os qu' escoitaron o dito.

N-os wagóns houbo entremeses pelegrinos. Non faltou pé d' home que coidando entroppezar c' o pé d' unha rapaza e c' o gallo de lle dar seña, fixolle ver as estrelas á un vello, fucándollo n-un callo, sin que por eso dese unha queixa, non porque o vello sofrise con pacencia o piseton, sinon

porque pensou ¡ay malos lobos me non coman!
qu' era unha rapaza que tiña diante a que susti-
ña aquel parrafeo de pés. Ambos á dous viñeron
enganados hastra que cairon n-o erro cando vi-
ron que s' ergueran as rapazas e que as señas de
pés non paraban.

¡Estonces si que foi ela! A non-o impidiren os
gardas civís, danse de lufiadas.

¡UY QUE DIAÑO!

Fai dous anos cuasementes
que os liberales d'ogano,
veñen n-a prensa e n-as Cortes
d' a conciliacion falando;
escríbense cen artigos,
bótanse millenta párrafos,
e vay por cibdás e vilas
a conciliacion soando.
«¡A conciliacion imponse!»
dí con voz solene Martos,
e Sagasta co-a cabeza
fai demostraciós d' agrado;
sostén Alonso Martinez
poñendo a custion en craro,
que hay intríngulis n-o conto
e retranqueiras n-o caso,
e cobiza que se faga
pol-os seus pasos contados;
namentres Lopez Dominguez
de rábecha patexando,
a conciliacion padrica
ós d' enriba y-ós d' embaixo,
mais como bô militar
y-ordeancista de rango,
quere unha conciliacion
a xeito de miliciano,
con matrimonio civil,
con revision e xurado,
con sufragio universal
pra que voten hastr' os gatos:
Montero Rios achántase
e fórmulas museando,
hoxe por eiquí me vou,
mañá por aló me sayo,
ándalle á conciliacion
facendo a rosca d' o galo:
Beranxer e mais Moret
xa se dan por conciliados,
Posada Herrera non pia
pois tarde piou n-o allo,
y-os demais que teñen foz
ou a toman n-o cotarro,
espremendo innovaciós
ou fórmulas debullando,
ás veces pidindo roxo,
por tempos pidindo branco,
tanto remexen as trécolas,
tanto lle dan ô cinzarro,
agora berrando «¡Adiantel!»
e berrando dempois «¡Alto!»

que fan d' a conciliacion
un rifadeiro de galos,
concilio de barballoas
e axuntanza de trasnos.
Entramentres o de Cánovas
xefe, pontífice máusimo
d' a grey que n-o comedeiro
atrácase enchendo o papo,
como quen non quere a cousa,
como o que non qreba un prato,
guiñándolle ambol-os ollos
a un personaxe de pazo,
parês que lle dí n-os guiños:
«¿divirtense? ¡pois deixalos!
¿concílianse? ¡alá eles!
¿non se concilian? ¡ben vamos!
¿piden revision a berros?
¿poden agardar sentados!
¿queren que n-as eleuciós
sea universal o sufragio?
¡xa farei pra compracelos
que as actas veñan en branco!»
E logo pol-a calada
c' os seus ministros falando,
dilles o móustro d' o sigro:
«eu son o que trunfo e mando,
vosoutros con sorna morna
faceivos xordos e mancos,
facei como que non vendes
as cousas qu' están pasando,
vos matandes, eu esfolo
n-os liberás hastr' o rabo,
nos comemos, eles aunan,
eles berran, nos calamos,
e canto mais eles loiten
nosoutros mais sosegados,
qu' eu n-eso de libertades
son can vello e non d' os mansos.
e n-as runflas d' a política
mozo son resolto e franco,
e de sabido xa esquezo
que n-o tempo en que aduanamos,
hastra o estomago á cabeza
báixaselle ô mais pintado,
e bulen moitas ideas
en forma de garabanzos:
os principios que nós temos
son os principios mais sanos,
e n-o tocantes á sólidos,
conécense con porbalos.»

Eu que dende o meu curruncho
vexo o que pasa calado,
que pol-o vidro d' a crítica
sin pasion e sin enganos
miro o que fan os políticos
que mandan e son mandados,
digo pr' a miña monteira:
«¡Como anda o pandeiro, Márcos!»
Us que por comer s' entenden,
outros que langraneando,
e por coller a sarten,
e collela pol-o mango,
aduanan, rifan, loitan

o mesmo que condanados,
 un Goberno que nos rixe
 como quen turra d' un carro,
 y-unha oposicion que atranca
 o camiño con oustáculos,
 pondo pol-o medio o río
 d' a conciliacion ou rayo,
 onde queren de barqueiros
 facer tirios e troyanos,
 e onde terá o pasaxe
 que nos sair mal e caro,
 esto non leva camiño
 de chegar á porto salvo,
 esto parès un inferno,
 unha tolería, un caos,
 unha gayola, unha trapa
 que pra collernos armaron,
 un lío que non s' entende,
 e tan mal me vai cheirando
 o nagocio d' a política
 com' a fan os cortesaos,
 que vou perdendo a esperanza,
 que de todo vou dudando,
 e penso si se propoñen
 estárnola sempre dando,
 metérnolas pol-os ollos,
 como á nécoros tratarnos,
 meternos gato por lebre
 e por ouro fino, talco.
 ¡Parès qu' estamos n-o antroido!
 ¡Uy que diaño!



Os conservadores porque lles conviña, discutiron á carreira os presupuestos n-o Congreso e n-o Senado, y-os liberás por comenencia, pois agardan algo dempois de ter os presupuestos aprobados, deixáronos correr sin dar unha fala inda que parasen mentres n-os perxudicios que lle veñen co-estas presas ô pais que paga.

Pol-o que vexo, os políticos
 esprémennos canto poden:
 son lobos d' unha camada
 y-us á outros non se morden;
 todol-os seus pensamentos
 n-os nosos cartiños poñen,
 y-as faltriqueiras nos limpan
 as maus d' os recaudadores,
politicamente sempre
 mande rey ou mande Roque,
 que pra nos zugar o xugo
 crianse e medran n-a Côte
 zumezugas con lanvita,

andixuelas con bigotes,
 e política farándula
 de moitas castas e nomes.



A Diputacion d' a Cruña dona un premio de cen pesetas ô gaitero que mellor toque a albora-da n-o certáme artístico que pol-a iniciativa d' *O Cicron* haberá en Compostela un d' os días d' as festas d' o Apóstol.

¡Gaiteros d' a terríña, á infrar os foles, á com-por o ronco y-a recorrer o punteiro!

Con vinte pesos de galardón á mais d' a gro-ria que conquiran, terán pra mollar a palleta unha tempada.



Don Aureliano Linares
 e don Luciano de Puga,
 dous diputados á Córtes
 pol-a provincia d' a Cruña,
 como dous cas de palleiro
 qu' incirran ou azapurran,
 sostiveron n-o Congreso
 unha discusion d' inxurias,
 que daba pena d' oubilos
 e de velos daba angustia,
 por mor de non sei que horta
 que a Diputacion d' a Cruña
 quere adequerir pra *Granxa
 Modelo d' Agricultura*.

En troques como dous mortos
 gardaron silencio n-unha
 custion que de vida ou morte
 evos pra unha rica industria,
 d' a que os nosos mariñeiros
 se manteñen con fartura.
 O ministro de Facenda
 que n-os presupuestos furga,
 gravou o sal e' un trabuco
 que non lle botaron nunca:
 os probes fillos d' o mar
 queixanse d' a falcatrúa;
 os país d' a provincia tronan
 contra esa cáñima inxusta,
 e reméxense pra ver
 si ese trabuco atrabucan,
 y-os diputados á Córtes
 Linares Rivas e Puga,
 solamentres se recordan
 e falan d' as cousas suas,
 o Linares, por xenreira,
 pol-a sua defensa, Puga.
 ¡Por eso tanto Galicia,
 adianta, progresada e trunfa!



Oubin dicir que dimitira o teniente alcalde
 que lle botara a *pallá perra* ás cacharreiras d' a
 Fonte d' os Coiros. Pol-o que vexo non quere
 mais nagocios de louza vidrada.

Non falo pol-os d' o Concello.



N-o derradeiro mes d' Abril baixaron os ingresos d' o Tesouro.

¡Xa rubirá os trabucos Cos-Gayola!



Resultados lastimosos
d' a festa d' a Follateira.

Un pã fendeulle a unha filla
c' un fungueiro unha costela:
déronse dous amigados
unha deluva tremenda:
gomitaron dous rapaces
carabuñas de cereixas:
os gardas civís tiveron
que aseogar dez peleas:
tomou un vello unha chispa
que por pouco morre d' ela:
turráronse pol-os pelos
un fato de costureiras:
houbo cair n-unha trapa
o sancristan d' unha eirexa:
unha criada beilando
estordegou unha perna:
qrebáronlle ô taberneiro
sete vasos e tres xerras:
c' os trompetazos d' a múseca
touparon moitas orellas:
metéronlle ô Perdigon
un pufo de seis pesetas:
moitos ô volver pra Ourense
entrozaban n-as pedras:
algunhas parexas fóronse
ôs grilos n-as carballeiras:
engarróuselle á unha moza
o pano n-unha silveira:
outra moza, malas lingoas
contan, que perdeu as medias:
as d' o trato tral-os homes
andavan como cadelas:
moitos cesantes volvéronse
sin ter unha larpadela:
moitos lampantís co-as turcas
andiveron en quimérias:
á unhos fillos de familia
roubáronlles a merenda:
houbo quen falou co-a chispa
c' os postes d' a carretera,
y-un chispo tamén pensou
qu' eran sapos as estrelas.



N-o Auntamento d' o Pereiro, segun conta,
hay dous alcaldes.

As pragas medran.

En troques en Ourense non temos gober-
nador.



Non fai moitos dias que s' arrematou en Tuy

a subasta de pasaxe en barea pol-o rio Miño. ¿E
pra qué se fixo o ponte internacional?

Desde s' estableceu o manicomio en Conxo
parès que moitos teñen empeño en se facer
os tolos.



Pol-o sistema d' as vixigas quèrennos agora
vacunar os microbios.

¡Ora o demo! ¡Meternos vèrmes n-o corpo pra
que n-os roan en vida, como si pra vèrmes non
abondara dempois de mortos!

Os que tal aduanan deben traguelos n-a ca-
beza.

Os vèrmes que n-os queren vacunar noméan-
se *vacilius virgula* e teñen rabo.

¿Inda mais esas? ¡Xa xa! Quèrennos vacunar
deixándolles o rabo fora pra que n-os turren d' él
ou nol-o collan entre portas cando lles praza ôs
que gobernan.

Esa vacunacion non cola en Galicia, onde vi-
vimos tan escamados que nin por asomos quere-
mos cousa que traya rabo.

Que vayan ô inferno co-esa vacuna, que pode
ser que pegue.



CORREO D' O TIO MARCOS.

D. X. A., Alcañices.—Recibin unha libranza
de seis pesetas pol-a sua suscripcion hastr' os de-
rerradeiros de Novembre. Trocóselle a direucion
d' a faixa.

Sinto moito que saise d' a terriña
porque vai á engurrarse co-a morriña.

S. D. d' a E. de V., Santiago.—Recibin unha
libranza de dazaoito reás pol-a sua suscripcion
hastr' os derradeiros de Xunio.

D. R. A. E., Celanova.—Recibin doce reás
pol-a sua suscripcion hastr' os derradeiros de
Xunio.

D. A. P., Lugo.—Recibin seis reás pol-a sua
suscripcion hastr' os derradeiros d' Agosto.

D. C. P. F., Monforte.—O mesmo.

D. M. L. A., Betanzos.—Recibin unha libran-
za de catro pesetas pol-a sua suscripcion hastra
fin de Mayo.

D. R. P., Irixo.—Recibin doce reás pol-a sua
suscripcion hastra fin de Novembre.

IMPRESA D' O ECO D' OURENSE,
Alba 15, baixo.



O TIO MARCOS D' A PORTELA

PARRAFEOS GALLEGOS

Sai á luz en Ourense todol-os domingos en oito páxinas en fóllo, contendo artigos de costumes, poesias, efemérides, cantares e contos d' o pais gallego.

SUSCRICION

Seis réas cada tres meses.

ADMINISTRACION

Alba, 15, Ourense.

O pago d' as suscriçõs é por adiantado.—Os números soltos vëndense á dez centimos de peseta.—Os pagos faranse en letras d' o xiro.

ALMACEN DE ULTRAMARINOS

DE

D. RAMON QUESADA,

PRAZA MAOR=OURENSE

Gran surtido de bacalao d' Escocia e de Noruega, esca-beches en latas e barriles, ostras, lamprea, salmon, roda-ballo, besugo, congrio, sardiñas, e pra que nada falte tamen vos hay bacalao a vizeaina, bacalao a catalana e pulpo.

Latas de pementos, mixilôs, guisantes e froitas en conserva.

Queixos de bola e de total-as castes e salchichôs de Vich.

Precios económicos en competencia c' os conecidos.